



ORZAMENTO XERAL ORDINARIO PARA 2020

INFORME ECONOMICO FINANCEIRO

Asunto: Aprobación do Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento para o exercicio 2020

Mónica Legaspi Díaz, Interventora Xeral da Deputación Provincial de Ourense e interventora do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, en relación co proxecto de orzamento da entidade para o exercicio 2020 e ao amparo do disposto no art. 168.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, ten a ben emitir o seguinte informe:

Antecedentes:

- Tramitación do expediente de aprobación do orzamento para o ano 2020 polo Pleno.
- Tal e como se desprende do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, mais concretamente no seu Título VI, Capítulo I, Sección 1ª, artigos 162-171, as Entidades Locais elaborarán anualmente un orzamento Xeral.
- Ao abeiro do disposto no artigo 168.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, “ *sobre a base dos orzamentos e estados de previsión, o Presidente da Entidade Local formará o Orzamento Xeral e o remitirá, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria..... ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución*”.

Normativa Aplicable:

- Artigos 162 a 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL, en adiante).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBL, en adiante), modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Art. 2 a 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do Título VI do TRLRFL, en materia orzamentaria.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, Xeral de Subvencións de Galicia.
- Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.



De conformidade co establecido na normativa indicada, emite informe sobre o proxecto de orzamento xeral ordinario para 2020, formado polo Sr. Presidente do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, en cumprimento do preceptuado no artigo 168.4 do texto refundido da Lei de Facendas Locais e 18.1 do Real Decreto 500/90.

INFORMA

1º.- O expediente sometido ao preceptivo informe da Intervención consta dos seguintes documentos:

1. *Memoria* explicativa do seu contido subscrita polo Presidente do Pleno do consorcio.
2. *Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente*, referida, polo menos a seis meses do mesmo, subscritas ámbalas dúas pola Interventora e confeccionadas segundo o disposto na Instrución de Contabilidade. A lei esixe a introdución desta documentación nos orzamentos para dispor de referencias do exercicio anterior e da marcha do corrente e así contrastalas coas previsións que se fan para o ano seguinte.
3. *Anexo de persoal* do Consorcio.
4. *Anexo das investimentos a realizar no exercicio*.
5. *Informe Económico-financeiro*, no que se expoñan as bases empregadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigas esixibles, e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.

Por conseguinte obran no expediente tódolos documentos obrigatorios que esixen os artigos 168.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril.

Polo que respecta á **Estrutura Orzamentaria dos estados de ingresos e gastos** plasmada no Proxecto de Orzamento sometido a informe, a mesma adecúase ao previsto na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, dando deste xeito cumprimentado ao regulado no artigo 167 do TRLFL, que se resume do seguinte xeito:

- No que atinxe ao *Estado de Gasto* os créditos clasifícanse obrigatoriamente por programas e por categorías económicas sendo optativa a clasificación orgánica, que non foi empregada na elaboración do Proxecto do Orzamento para o exercicio 2020. A “aplicación orzamentaria” ven determinada pola conxunción da clasificación por programas é a económica ao nivel de grupo de programa e partida, respectivamente.



- En relación ao *Estado de Ingresos* a clasificación ven determinada a nivel de subconcepto, sendo o maior nivel de desagregación posible.

2º.- Os estados de gastos e ingresos do orzamento para o exercicio 2020 ascenden a 4.261.000,00 euros respectivamente.

O orzamento presentado polo Sr. Presidente está formalmente equilibrado e cumpre co preceptuado no artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e 16.1 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril, *“cada un dos orzamentos que se integran no orzamento Xeral debera aprobarse sen déficit inicial”*.

3º.- Unha análise máis polo miúdo dos capítulos de gasto do orzamento:

A) Gastos de persoal.

1.a) Persoal laboral

O capítulo 1 de gastos engloba os créditos necesarios destinados para as retribucións do persoal necesario para poder desenvolver as actividades propias do consorcio e os gastos de Seguridade Social a cargo da empresa dos mesmos. Este persoal inclúe o Xerente do consorcio, o Director Técnico, un administrativo informático, unha persoa para as tarefas de limpeza e dun cargo electo do pleno do Consorcio.

B) Compra de bens correntes e servizos.-

O capítulo II do orzamento de gastos contén os créditos necesarios para infraestruturas, maquinaria, instalacións técnicas e utensilios, mobiliario, seguros, comunicacións, gastos xurídicos e contenciosos, e para estudos e traballos técnicos

4º.- Os ingresos correntes orzamentarios, tal e como se especifica no correspondente informe Económico-financieiro subscrito pola presidencia, considéranse calculados segundo o exposto nos estatutos propios do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento.

5º.- As bases de execución do orzamento regulan axeitadamente a xestión orzamentaria e contable, contendo tódalas disposicións a que fan referencia os artigos 165.1 da Lei de Facendas Locais e o artigo 9.2 do Real Decreto 500/90 de 20 de abril.

6º.- O anexo dos investimentos son os previstos pola Xerencia do Consorcio para o exercicio 2020.



7º.- Procedemento de aprobación do Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento.

Son os artigos 168 e seguintes do TRLRFL, en concordancia cos artigos 18 e seguintes do RD 500/1990, de 20 de abril, en materia orzamentaria, os que conteñen as prescricións reitoras do aspecto procedimental.

O procedemento de aprobación do Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento pode resumirse, a grandes trazos, do seguinte xeito:

- a) Aprobación inicial polo Pleno do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento e polo Pleno da Entidade da que depende, a Deputación Provincial de Ourense.
- b) Exposición pública nos BOP e taboleiro de Edictos por un prazo de quince días hábiles. De non existir reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado. Se existen reclamacións, o expediente debe volver ao Pleno, que resolverá sobre as mesmas nun prazo máximo dun mes.
- c) A aprobación definitiva do Orzamento Xeral polo Pleno realizarase antes do 31 de decembro do ano anterior o do exercicio no que deba aplicarse.
- d) Aprobado definitivamente o Orzamento, insertarase no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos .
- e) Do Orzamento debidamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e da CCAA. Farase simultaneamente a remisión ao boletín oficial.
- f) Non entrará en vigor ata transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/85.
- g) Se ao iniciarse o exercicio económico non entrara en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do ano anterior, co seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se fagan conforme o exposto nos artigos 177,178 e 179 da Lei Reguladora de Facendas locais e ata a entrada en vigor do novo orzamento.
- h) A copia do orzamento xunto coas súas modificacións, deberá estar a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.



Conclusión

Primeira: O Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, inclúe a documentación esixida polo TRLRFL .

Segunda: Os Estados de Ingresos e Gastos do Orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, confeccionouse sen déficit inicial cumpríndose, desde xeito, os principios de nivelación orzamentaria interna e non afectación, xa que os ingresos correntes son suficientes aos gastos correntes.

Terceira: O Orzamento Xeral do Consorcio Provincial de Ourense para o servizo contra incendios e de salvamento, para o exercicio 2020, dende o punto de vista económico financeiro, foi elaborado con observancia dos preceptos legais e a súa estrutura orzamentaria é que establece a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a nova estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Este é o meu informe, sen prexuízo doutro mellor fundando co dereito e de que o órgano competente decida o que se estime máis convinte para os intereses xerais.

Ourense, 13 de setembro de 2019

A interventora Xeral

Mónica Legaspi Díaz